



PLAN DIXITAL



CEIP Plurilingüe O Ruxidoiro

Curso 23-24

1. Introducción

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

1. Introducción

1.1 Datos básicos do centro

- O CENTRO

Nome: CEIP Plurilingüe O Ruxidoiro

Enderezo: Rúa Ruxidoiro 2, As Lamas, 32890, Barbadás

Páxina web:<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceiporuxidoiro/>

Enderezo electrónico: ceip.oruxidoiro@edu.xunta.gal

O CEIP Plurilingüe O Ruxidoiro está situado no barrio de Barbadás en Ourense.

- PROFESORADO

O centro conta, desde o último catálogo de postos de traballo, 6 unidades Educación Infantil e 12 de Educación Primaria.

Para cubrir ditas unidades hai os seguintes postos de traballo: 8 de Ed. Infantil; 12 de Ed. Primaria (4 delas bilingües); 2 de Ed. Física; 1 de Ed. Musical; 2 de Lingua Inglesa; 1 orientadora; 3 Pedagogía terapéutica, 2 Audición e linguaxe; 2 mestras de PT de atención preferente e 1 de Ed. Relixión Católica.

Todas as prazas do catálogo estarán cubertas no vindeiro curso 24-25 por profesorado propietario definitivo, feito que redonda nunha mellora da calidade educativa ofertada e garante a continuidade dos proxectos.

- ALUMNADO

O centro, actualmente, acolle a un total de 341 alumnos/as. A pesar do descenso da natalidade dos últimos anos, observamos que o número de matrículas mantense no centro, sobre todo en primaria.

- PERSOAL NON DOCENTE

O persoal non docente está formado soamente por un conserxe, unha administrativa, tres coidadoras, e tres limpadoras.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro

Os veciños de Barbadás traballan fundamentalmente na construción, o comercio, os servizos e a industria, quedando nas últimas décadas a agricultura e a gandería relegadas aos últimos lugares do ranking municipal das diferentes dedicacións laborais. Atopámonos con que a maior parte dos pais e nais do alumnado só posúen os estudos elementais ou medios, sendo unha minoría os que realizaron estudos universitarios. Con todo isto podemos concluír que o nivel socioeconómico e cultural das familias é, en xeral, medio-baixo.

- Contribución do Plan Dixital ao Proxecto educativo de centro

En plena era dixital é imprescindible adaptar a educación á vida cotiá das persoas, de maneira que non só adquiran coñecementos, senón que estes sexan útiles para adquirir competencias e habilidades. A competencia dixital está presente na realidade das nosas vidas e, como tal, debe ser potenciada nos centros educativos, tanto, como recurso facilitador do proceso ensino-aprendizaxe, como obxectivo competencial para resolver situacións cotiás na vida do noso alumnado.

O centro ten como fins educativos:

- Formar persoas competentes en todos os ámbitos e capaces de resolver situacións cotiás en contextos diversos e actuais, e comprometidos coas responsabilidades colectivas.
- Proporcionar unha educación de calidade para que todo o noso alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, independentemente da súa condición e circunstancias.

Por iso, faise preciso, por tanto que o sistema educativo dea resposta a esta realidade e inclúa un enfoque da competencia dixital máis actualizado, acorde coas recomendacións europeas relativas ás competencias clave para a aprendizaxe permanente.

O desenvolvemento da Competencia Dixital é clave para que, tanto o profesorado como o alumnado, podan desenvolverse nesta nova situación, de maneira que o alumnado poda aplicar as competencias e habilidades do século XXI, e o profesorado poda mellorar e modernizar os procesos de ensino-aprendizaxe.

- Programas e proxectos

O centro participa en distintos proxectos, programas de innovación e plans promovidos pola Consellería de Educación como son: Plan de Mellora de Biblioteca Escolares, Club de lectura, Radio escolar, Proxecto TIC/Edixgal/Abalar, Programa de Auxiliares de Conversa, Eduexchange, CPIInclúe, CPIInnova con Edusostenibilidade e Edusaúde, Plan Director, CPRRecupérate con Plan PROA e un Plan Proxecta de Escolas verdes.

- Contribución á PXA 23-24

Este Plan Dixital contribuirá á consecución dos obxectivos da PXA do curso 2023-2024 no relativo á mellora das competencias dixitais da comunidade educativa e, en especial, á formación do profesorado no que respecta ao uso de software libre, aplicacións corporativas e recursos dixitais para o proceso ensino-aprendizaxe. Ademais, consideramos imprescindible a actualización do equipamento dixital do centro e a instalación e actualización de software nos distintos equipos.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A competencia TIC consiste esencialmente en dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Por tanto, o dominio e a alfabetización TIC converteuse nunha ferramenta instrumental imprescindible. Ademais, a natureza complexa e globalizadora da competencia dixital contribúe ao desenvolvemento do resto das competencias clave, especialmente a competencia en comunicación lingüística, a competencia social e cidadá e a competencia para aprender a aprender. Asemade, as posibilidades didácticas e pedagóxicas que nos ofrecen o acceso e xestión da información e do coñecemento, conceden a esta competencia un peso específico como eixe transversal dentro da actividade docente.

Todo iso esixe transformacións metodolóxicas que afectan á globalidade do proceso educativo nos seus aspectos metodolóxicos, organizativos, de xestión e curriculares. É precisamente esta transcendencia global das novas tecnoloxías o que xustifica a confección deste plan como documento de referencia que recolla e regule todos os aspectos relativos a esa transformación dixital no centro.

NORMATIVA

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022-
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

O presente Plan Dixital elaborouse a través do itinerario *Análise da competencia dixital do centro e elaboración do plan dixital*, dentro do PFPP de centro . Para a súa elaboración e coordinación distinguimos tres fases ou momentos no desenvolvemento do mesmo:

a) 1ª Fase: Análise. Completando e detectando as necesidades, debilidades e problemas que necesitan accións concretas no centro. Fase en constante evolución. A través da ferramenta SELFIE e do Test de Competencia dixital do profesorado, determinamos as prioridades e establecer os seguintes niveis de planificación (programas e accións) que marcarán o plan de traballo do centro no seu proceso de cambio e mellora, en definitiva, unha boa estratexia para mellorar a dixitalización do noso centro.

b) 2ª Fase: Recollida dos datos e elaboración da análise DAFO para centrar as debilidades, fortalezas, oportunidades e ameazas. Deste modo, este análise permitiunos establecer un punto de partida das necesidades do centro.

c) 3ª Fase: Avaliación dos resultados e realización do plan de acción para o curso 2023-2024. Estas accións teñen asociado un obxectivo medible, real, planificado e axustado ás necesidades de centro detectadas. Determinaranse unha serie de indicadores para medir a súa consecución durante a súa implantación e avaliación a final de curso.

Como base para unha mellora continua, recopílanse os resultados da implantación, e as avaliacións das accións e procesos e levaranse ao claustro preceptivo de final de curso. Unha vez aprobado este Plan publicarase na web do centro para consulta de toda a comunidade educativa.

2. Situación de partida

Partimos de dous anos nos que a presenza dixital nas aulas e, fóra delas, púxose de manifesto e case imprescindible en situacións como unha pandemia que implicou un confinamento das aulas. Levamos xa o curso 2022-2023 inventariando e actualizando os equipos dixitais existentes e detectando as necesidades para dar resposta á nova realidade.

Por tanto, analizamos as debilidades, fortalezas, ameazas e oportunidades (DAFO) do centro e realizar así a “fotografía” actual do noso centro e establecer as necesidades e planificar as accións prioritarias para os vindeiros dous cursos.

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

● Descrición xeral da infraestrutura dixital do centro:

O CEIP Plurilingüe “O Ruxidoiro” dispón actualmente de conectividade a internet en todas as súas instalacións. Dita conectividade acádase:

1) A través de conexións cableadas: grazas á existencia de infraestruturas de datos e voz na totalidade de aulas do centro (aulas de

Educación Infantil, Educación Primaria, Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe e de Atención Preferente), así como na maioría do resto de dependencias do centro escolar (despachos, conserxería, salón de actos, biblioteca escolar, sala de mestres/as, aula de psicomotricidade...).

2) A través de conexión sen fíos: grazas á existencia dunha rede wifi que dá servizo e cobertura a todo o centro no seu conxunto, non só nas aulas e demais dependencias citadas no apartado anterior e que dispoñen de infraestruturas de datos e de voz, senón

tamén no resto de zonas do centro nas cales ditas estruturas non están dispoñibles (ximnasio, zonas comúns de paso, almacéns, comedor escolar...).

● Equipamento dispoñible e identificación dos usos:

- Aulas dixitalizadas: o centro dispón dun total de 19 aulas dixitalizadas, repartidas do seguinte modo e co seguinte equipamento:

Aulas	Tipo de dixitalización	Número de aulas
Aulas de Educación Infantil (4o, 5o e 6o de Educación Infantil)	Ordenador do profesor e encerado dixital	6
Aulas de Educación Primaria (1o, 2o, 3o e 4o de Educación Primaria)	Ordenador do profesor e encerado dixital	8
Aulas de Pedagogía Terapéutica	Ordenador do profesor	2
Aulas de Audición e Linguaxe	Ordenador do profesor	1
Aulas de Atención Preferente	Ordenador do profesor	1
Aulas de Atención Preferente	Ordenador do profesor Proxector	1
Total		19

- Aulas pertencentes ao proxecto E-Dixgal: ademais das 17 aulas dixitalizadas anteriormente sinaladas, o centro conta tamén con outras 4 aulas pertencentes ao proxecto E-Dixgal que este curso escolar 2023/2024 se comezou a implementar as cales dispoñen de todo o equipamento necesario contemplado no kit dixital co que están dotadas: proxectores, pdi, portátiles de aula, carros de carga e rede wifi de conexión.

- Equipos de xestión e administración: a nivel de xestión e administración, o centro dispón do seguinte equipamento:

Tarefas de xestión e administración	Números de equipos
Tarefas de Dirección	1
Tarefas de Xefatura de Estudos	1
Tarefas de Secretaría	1
Tarefas de Administración	1
Tarefas de Conserxería	2
Total	6

- Equipos de uso na biblioteca escolar: no tocante ao equipamento da biblioteca escolar, o centro dispón de 2 equipos destinados a tarefas de xestión de catálogo así como ás

tarefas propias da actividade cotiá deste espazo . A estes dous equipos hai que engadir un cañón proxector.

- Equipos para uso na sala de profesorado: na sala de mestres/as, o centro dispón de 4 equipos para uso docente.

- Equipos para uso en departamentos: o centro dispón dun Departamento de Orientación dotado cun equipo informático destinado a tarefas propias do mesmo.

- Equipos ultraportátiles para aula móbil: o centro non dispón de aula móbil, se entendemos esta como unha unidade autónoma constituída por un número determinado de tablets ou portátiles que se almacenan nun carro, o cal permite tanto a súa recarga como o seu transporte entre diferentes dependencias do centro.

- Equipos de uso na aula de informática: o centro non dispón de aula de informática tal e como se entende tradicionalmente. No seu lugar, optouse por crear unha zona de Informática integrada dentro da propia Biblioteca Escolar, zona que se proxecta como un espazo de uso das novas tecnoloxías sobre a base dun traballo colaborativo e por grupos do alumnado. Actualmente, dita zona dispón dun total de 14 equipos informáticos, así como cañón proxector e PDI.

- Equipos pertencentes a dotacións para proxectos específicos: polo que respecta a este tipo de equipamento, indicar que o centro dispón de Radio Escolar, dotada co equipamento básico de estudio: un ordenador, mesa de mezclas, micrófonos, auriculares...

● Servizos dixitais educativos:

No tocante aos servizos dixitais educativos empregados no centro polos diferentes membros/as do claustro, así como polo equipo directivo ,administración e conserxería e que están dirixidos a facilitar tanto a xestión docente como a xestión do propio centro nas súas actividades diarias, cabe sinalar os seguintes:

- Corporativos:

- Correo electrónico corporativo.
- Páxina web do centro.
- Diferentes Aulas Virtuais de titores e especialistas.
- Diferentes funcionalidades do espazo Abalar.
- Diferentes funcionalidades da aplicación Abalarmóbil.

- Desenvolvemento do proxecto corporativo E-Dixgal.

- Non corporativos (entre outros):

- Emprego da plataforma de mensaxería e comunicación para centros Tokapp School.
- Blogue da Biblioteca Escolar e blogs de aulas.
- Padlet.
- Canva.
- Youtube.
- Genially

● Xestión do mantemento do equipamento do centro:

No referente ao mantemento do equipamento dispoñible no centro é preciso diferenciar entre a xestión do equipamento xeral presente na escola daquel outro específico e concreto das aulas pertencentes ao proxecto E-dixgal.

A) EQUIPAMENTO XERAL DO CENTRO:

Xestiónase a través de dous niveis diferentes de actuación como son:

1º Nivel: Equipo TIC.

Nun primeiro momento, é o equipo TIC o encargado de acometer o mantemento cotiá do equipamento informático e tecnolóxico do centro, constituíndo deste modo o primeiro nivel de soporte do mesmo ante calquera avaría ou incidencia que puidera xurdir, contando co apoio nesta tarefa do asesor Abalar de zona de ser preciso.

2º Nivel: UAC ou Empresa Externa.

Naquelas ocasións nas que o equipo TIC non poida dar unha resposta eficaz ás incidencias que teñan lugar, procederá a realizar as xestións pertinentes de cara á súa solución a través dalgunha das seguintes vías:

- UAC: no caso de que as incidencias afecten a equipamento facilitado pola administración.
- Empresa Externa: no caso de que as incidencias se produzan en equipamento distinto a aquel que a administración suministra.

B) EQUIPAMENTO ESPECÍFICO DAS AULAS DO PROXECTO E-DIXGAL:

Xestiónase a través dos seguintes tres niveis de actuación:

1º Nivel: Coordinador E-dixgal de centro.

Sobre esta figura recae o cometido de dar unha primeira resposta ás incidencias que se produzan en calquera elemento do equipamento E-dixgal e proceder, de ser preciso, a realizar as xestións pertinentes de cara a súa solución ante o organismo responsable.

2º Nivel: Servizo Premium E-dixgal.

É o encargado de dar resposta ás demandas que o coordinador E-dixgal de centro lle transmite, mediante a apertura e tramitación das incidencias correspondentes. A súa actuación pode ser mediante asesoramento directo ao coordinador E-dixgal sobre o modo de proceder de cara a solucionar as incidencias sufridas ou, de ser preciso, derivar a actuación cara a empresa de soporte técnico responsable do mantemento deste equipamento.

3º Nivel: Plexus.

Constitúe o último nivel de actuación dentro do mantemento do equipamento E-dixgal ao seren os seus técnicos os encargados de acudir ao centro e solucionar aquelas incidencias que lle son trasladadas directamente polo Servizo Premium.

● Protocolos do centro relacionados coas TIC:

No referente aos protocolos existentes no centro vinculados co ámbito TIC cabe sinalar os seguintes:

PXAD: que segundo a artigo 62 da Orde de 9 de setembro de 2021 contempla a modalidade virtual do alumnado sobrevida por mor dalgunha emerxencia sanitaria.2.2.

Fontes empregadas para a análise DAFO

- Autoavaliación SELFIE

Areas	Grupos	Ensinanzas: Primaria (valor ata 5)
A -Liderado	Equipo Directivo	3.5
	Profesorado	3.5
	Alumnado	--
B- Colaboración e redes	Equipo Directivo	2.9
	Profesorado	3
	Alumnado	3.7
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Directivo	3.4
	Profesorado	3.5
	Alumnado	3.9

D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Directivo	3.6
	Profesorado	3.5
	Alumnado	--
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Directivo	3.7
	Profesorado	4.1
	Alumnado	--
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Directivo	3.5
	Profesorado	3.7
	Alumnado	3.3
G- Prácticas de avaliación	Equipo Directivo	3.5
	Profesorado	3.3
	Alumnado	--
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Directivo	3.6
	Profesorado	3.5
	Alumnado	3.7

- Test CDD:

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>13</u>	<u>25</u>	52 %
PROVISIONAL	<u>4</u>	<u>6</u>	66,7%
INTERINO	<u>2</u>	<u>3</u>	66,7%
SUBSTITUTO	<u>1</u>	<u>4</u>	25%
OUTROS	<u>1</u>	<u>2</u>	50%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
64,7	Explorador/a (A2)	76,5	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF.	58	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)

PRI.	64,3	Explorador/a (A2)	77	Integrador/a (B1)
------	------	-------------------	----	-------------------

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	4.8%
A2	10	47.6%
B1	7	33.3%
B2	3	14.3%
TOTAL	21	100.00%

2.2. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> No centro o profesorado e o alumnado dispón de dispositivos dixitais para o ensino aprendizaxe. Os equipos informáticos existentes están actualizados polo propio centro. Facilítase o acceso a internet. 	<ol style="list-style-type: none"> Non hai asistencia técnica suficiente. Non se contempla que o alumnado traia os seus propios dispositivos portátiles e poida utilizalos en clase. Non existen repositorios ou bibliotecas en liña que conteñan materiais de ensinanza aprendizaxe. Non existen medidas para resolver as dificultades que xorden coa aprendizaxe mixta.
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> Coñecemento da lexislación relativa aos dereitos de autor e protección de datos. O centro apoia a exploración de novas formas de ensino con tecnoloxía dixital. 	<ol style="list-style-type: none"> Insuficiente tempo para que os docentes podan explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital. Insuficiente tempo para: <ul style="list-style-type: none"> • formacións específicas e máis completas. • xestión de repositorios propios. • trasladar a aula os cambios metodolóxicos. Non se contempla dentro do horario tempo adicado á comunicación. Non existe cultura de traballo colaborativo en redes por parte do profesorado. Insuficiente emprego de prácticas de avaliación facilitadas pola tecnoloxía , incluíndo información e retroalimentación ao alumnado.
	PERSOAL NON DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> Busca recursos en liña para resolver cuestións técnicas relacionadas cos programas administrativos. 	<ol style="list-style-type: none"> Insuficiente formación para a colaboración en rede.
	ALUMNADO	<ol style="list-style-type: none"> Utilízanse as aulas virtuais para a aprendizaxe do alumnado. Foméntase a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais. O alumnado manexa a rede para a busca de información e comprobar se é fiable e precisa. O alumnado coñece os dereitos de autor. 	<ol style="list-style-type: none"> Non se utilizan tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe e a dos demais. Insuficiente comportamento seguro e responsable no uso de internet. Insuficiente formación do alumnado para resolver pequenos problemas técnicos que xorden ao utilizar as tecnoloxías dixitais.

		5. O alumnado coñece as vantaxes do emprego de software libre e dispón deste tipo de ferramentas no centro.	
	FAMILIAS		1. As familias non teñen formación axeitada para a posta en práctica dunha aprendizaxe mixta. 2. Non todas as familias dispoñen de dispositivos tecnolóxicos ou internet.
	OFERTA	1.O centro apoia a exploración de novas formas de ensino con tecnoloxía dixital.	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	1. Promóvese polo equipo directivo o uso das tecnoloxías dixitais para a avaliación.	1. Non existe unha estratexia dixital no centro. 2. Os espazos físicos que faciliten a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais son insuficientes para todo o alumnado.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1. A administración cubre as vacantes necesarias para dispor dunha plantilla estable no centro.	1. Insuficiente comunicación externa. 2. Non existe certificación en competencia dixital. 3. Insuficiente formación específica e máis completa. 4. Insuficiente creación de recursos dixitais para reforzar o labor de ensinanza. 5. A administración non dota de suficiente equipamento informático aos centros. 6. Os programas TIC propostos pola Consellería non ofrecen formación suficiente e axeitada previa á súa implantación (Edixgal...). 7. Non existe financiación suficiente para a actualización e renovación do equipamento informático. 8. Insuficiente formación para os coordinadores á hora da elaboración do Plan Dixital así como tempo insuficiente para levalo a cabo en condicións óptimas. 8. Insuficiente asistencia técnica para resolver os distintos problemas técnicos que xorden diariamente nas aulas.
	ANPA	1. Participación da ANPA na promoción das actividades do centro a través das súas redes sociais.	1. A ANPA non dispón de formación suficiente para axudar ás familias coas tecnoloxías dixitais. 2. O alumnado non é capaz de resolver os problemas técnicos que xorden ao utilizar tecnoloxías dixitais. 3. A ANPA non dispón de bibliotecas ou repositorios en liña para favorecer a aprendizaxe.
	OUTRAS ENTIDADES		1. Non existe colaboración con outros centros. 2. Non existe colaboración con outras institucións públicas.

3. Plan de Acción

O plan de acción está contemplado para que se vaia implantando ao longo de dous cursos segundo a prioridade de actuación que se requira. Neste sentido, durante o curso 2023-2024 prestarase especial atención a combatir a brecha dixital, á formación do profesorado de maneira que poda afrontar da mellor maneira posible a nova realidade educativa derivada da pandemia COVID.

Este plan de acción é flexible e modificable para dar resposta á situación do momento. Por iso plantexamos reunións trimestrais nas que se fará un seguimento e poder mellorar aquilo que se considere oportuno.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Os obxectivos irán encamiñados a superar as debilidades detectadas segundo a análise DAFO que presentamos.

1- Consideramos prioritaria a formación do profesorado para atender á nova realidade educativa. Así, os obxectivos irán encamiñados á formación do profesorado nos seguintes apartados:

- Aplicacións corporativas para a comunicación e colaboración así como para compartir documentos e datos.
- Edixgal (o centro conta con dúas aulas e dúas máis para o vindeiro curso)
- Coñecemento e utilización de software libre.
- Ferramentas dixitais para o proceso ensino-aprendizaxe.

2- Actualización do equipamento dixital así como das ferramentas de software libre.

3- Colaboración con outras entidades: charlas e obradoiros sobre ciberseguridade, tratamento de datos... para o alumnado.

4.- Conseguir dotar ás aulas de 3º e 4º con equipamento básico para facilitar o e-a dixital. (wifi, ethernet, ordenador, dispositivo móbil para cada dous alumnos, , micrófono e cámara web).

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora: A Liderado: A1 Non existe unha estratexia dixital						
OBXECTIVO 1: (1)	Establecer un equipo de profesores/as (EPD) para a dinamización, implementación, xestión e avaliación do plan dixital de centro (PDC)				Acadado	
Responsable:	Dirección do centro					
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de persoas implicadas no EPD					
Valor de partida: (3)	Dous membros do equipo directivo, coordinador TIC e dinamizadora da aula virtual					
Valor previsto e data: (4)	20% do claustro de profesores/as			Setembro-Outubro		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Reunión do claustro e CCP para explicar a importancia do PDC	Dirección	Setembro	Convocatoria de claustro Normativa Convocatoria de CCP		Realizada	
AO1.2: Motivar ao profesorado a colaborar solicitando unha hora de reunión semanal aos membros do PDC en horario lectivo.	Xefatura de estudos Inspección	Setembro	Visto bo da inspección		Realizada	
AO1.3: Creación dun curso na nosa aula virtual para compartir os datos do plan dixital.	Responsable da aula virtual	1º trimestre	CFR Fprofe Aula virtual		Realizada	

Área/s de mellora: A Liderado: A4 Insuficiente tempo para que os docentes podan explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital

OBXECTIVO 2: (1)	Marcar tempos para que os docentes poidan explorar novas modalidades de ensino asociadas ao ámbito dixital.			Acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	Tanto por cento de profesorado que utiliza novas modalidades de ensino no ámbito dixital nunha hora semanal.				
Valor de partida: (3)	Inexistencia de tempo para innovación dixital				
Valor previsto e data: (4)	O 60% do profesorado materializa dous recursos/prácticas docentes no ámbito de innovación dixital realizados durante a súa hora semanal.			Ao remate do curso	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
AO2.1: Consensuar co claustro e a xefatura de estudos a reserva dunha hora de garda para todo o profesorado para adicar á exploración e investigación na aula virtual.	Claustro Xefatura de estudos Inspección	Setembro	Claustro de profesores Visto bo da Inspección educativa		Realizada
AO2.2: Creación dun foro na AV para compartir recursos e exemplos de boas prácticas.	Coordinador TIC	Primeiro trimestre	Aula virtual Recursos WEB		Realizada
					Pendente
AO2.3: Creación na aula virtual dun banco de prácticas materializadas por nivel que reflecta o tempo investido.	Todo o claustro	Xuño	Aula virtual Banco de recursos		Realizada
					Pendente

Área/s de mellora: A Liderado: Comunicación interna/externa. Non se contempla dentro do horario tempo adicado á comunicación.

OBXECTIVO 3 : (1)	Coñecer e empregar aplicacións corporativas para a comunicación: Abalar pro e Webex ou calquera outra que determine a Consellería para o mesmo fin.			Acadado		
Responsable:	EQUIPO DIRECTIVO					
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	Tanto por cento do profesorado que coñece e utiliza as apps da Consellería para a comunicación					
Valor de partida: (3)	As apps para a comunicación son coñecidas polo 60% do profesorado e empregadas polo 25%					
Valor previsto e data: (4)	O 75% do profesorado coñece e emprega as apps da Consellería			Desde inicio de curso		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Crear un grupo de persoas que coñezan Abalar Pro e Webex ou ben solicitar axuda do asesor Abalar da zona. e establecer dúas sesións formativas antes do comezo de curso para dar a coñecer o seu uso.	Equipo directivo Membros do claustro Asesor Abalar	Setembro	Dispositivos móbiles Ordenadores Aplicacións corporativas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Empregar as aplicacións corporativas para a comunicación	Equipo Directivo Claustro	Todo o curso	Dispositivos móbiles Ordenadores Aplicacións corporativas		Realizada	
					Aprazada	

Área/s de mellora: B. Colaboración e Redes

OBXECTIVO 4: (1)	Colaborar con outras entidades			Acadado	
Responsable:	Membro de equipo directivo ou persoa na que delegue				
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	Número de colaboracións con outras entidades				
Valor de partida: (3)	0 colaboracións (charlas, videochamadas, obradoiros...).				
Valor previsto e data: (4)	3 colaboracións (charlas, videochamadas, obradoiros...)			Xuño (final de curso)	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
AO4.1: Charlas do Plan Director da Garda Civil e Policía Nacional sobre ciberseguridade	Membro de equipo directivo	Curso 2023-2024	- Materiais (equipos informáticos, software,		Realizada
AO4.2: Charlas de distintos temas a través de videoconferencias (TICS, ciberseguridade...)	Membro de equipo directivo	Curso 2023-2024	- Materiais (equipos informáticos, software, internet, funxible ...).		Realizada

Área/s de mellora: C- INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTO

OBXECTIVO 5: (1)	Actualización dos equipos informáticos do centro			Acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	Numero de ordenadores que se poidan actualizar ou que haxa que substituír porque xa están obsoletos				

Valor de partida: (3)	3 ordenadores xa actualizados				
Valor previsto e data: (4)	Todos os ordenadores das aulas actualizados			Xuño 2024	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
AO5.1:Revisión dos ordenadores para ver o estado dos mesmos	Responsable TIC	1º trimestre	Serán revisados polo asesor TIC coa axuda dunha empresa		Realizada
AO5.2:Unha vez determinadas as necesidades dos equipos determinar un plan de acción para actualizar os equipos	Responsable TIC	1º e 2º trimestres	Software e hardware necesarios para a actualización dos mesmos		Realizada
					Realizada
AO5.3:Actualización dos equipos: hardware e software necesario	Responsable TIC	Xuño 2024	Software e hardware necesarios para a actualización dos mesmos		
					Pendente

Área/s de mellora: C- INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTO

OBXECTIVO 6: (1)	Conseguir dotar ás aulas de 3º e 4º con equipamento básico para facilitar o e-a dixital. (wifi, ethernet, ordenador, dispositivo móbil para cada dous alumnos, , micrófono e cámara web)			Acadado	
Responsable:	Equipo directivo e coordinador TIC				
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de aulas co equipamento básico				
Valor de partida: (3)	0 aulas co equipamento básico.				
Valor previsto e data: (4)	4 aulas co equipamento básico			Xuño 2024	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO6.1: Dotar as aulas de 3º e 4º co equipamento básico.	Equipo Directivo Coordinador TIC Consellería	Durante o curso 2023-2024	Tecnoloxía dixital básica	Aula dixital e aulas de 3º e 4º co equipamento básico	Pendente	
					Pendente	
AO6.2: Elaboración dun protocolo e horario de uso da aula dixital común e/ou empréstito de material dixital para outras aulas.	Equipo Directivo Coordinador TIC	1º, 2º e 3º trimestres	Coordinador TIC	Horario de uso compartido. Protocolo de uso Documentación de entrada e saída de material.	Realizada	
AO6.3: Reorganizar horarios, con dispoñibilidade horaria suficiente, para a coordinación TIC. (mínimo de 5 horas semanais)	Equipo directivo. Inspección	Setembro 2023	Persoa coordinadora	Nomeamento de persoa coordinadora con liberación horaria suficiente.	Realizada	

Área/s de mellora: C- INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTO

OBXECTIVO 7: (1)	Mellora da comunicación de incidencias coa asistencia técnica externa.	Acadado	
Responsable:	Dirección		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	Existencia ou non dun sistema de comunicación das incidencias técnicas do día a día que sexa efectivo e práctico para o profesorado. Non hai		
Valor de partida: (3)	Non existe un protocolo de comunicación de incidencias técnicas coa empresa externa.		

Valor previsto e data: (4)	Estableceuse un protocolo de comunicación coa asistencia técnica externa establecido.			Curso 2023-2024	
ACCIÓN A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
AO7.1: Establecer as necesidades do centro a nivel informático para solucionar a falta de comunicación coa asistencia técnica	Claustro Coordinador TIC Dirección	1º trimestre 2023	Realizar unha enquisa entre o profesorado sobre as necesidades a nivel informático e dixital no centro.	Obter 30 enquisas do profesorado	Realizada
AO7.2: Establecer un protocolo de comunicación entre docentes e	Secretario	2º trimestre	Mediante a aula virtual do centro establecemos un protocolo de comunicación do profesorado co secretario que consiste en cumprimentar un excel cos datos necesarios para solucionar a avaría e o secretario organice en forma e tempo a solución dos mesmos	Crear protocolo comunicación en aula virtual, e dalo a coñecer o profesorado	Pendente

Área/s de mellora: C- INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTO

OBXECTIVO 8: (1)	Utilización de programas corporativos para compartir información entre o profesorado de infantil e primaria	Acadado
Responsable:	Coordinador Plan Dixital	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	Uso ou non dun programa corporativo para compartir datos.	
Valor de partida: (3)	Non se utilizan programas corporativos para compartir datos.	
Valor previsto e data: (4)	1 programa corporativo (Agueiro) para compartir datos.	Xuño 2024

ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO8.1: Creación dun espazo en Aqueiro para compartir información entre o profesorado	Coordinador Plan Dixital	1º trimestre	Configurar a paxina de Aqueiro para que poder compartir contidos o profesorado do centro	Consecución de configurar a paxina de Aqueiro	Realizada	
					Pendente	
AO8.2: Formar o profesorado sobre a utilización de Aqueiro	Coordinador Plan de formación do profesorado	1º ou 2º trimestre	Formación o profesorado a traves do CFR sobre a utilización de Aqueiro	Poder formar o como mínimo o 75% do profesorado	Pendente	
AO8.3: Compartir información entre o profesorado utilizando de Aqueiro	Coordinador Plan Dixital	3º trimestre	Plataforma Aqueiro da Xunta	Que o 75 % do profesorado comparta información en Aqueiro.		
					Aprazada	

Área/s de mellora: D- DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO							
OBXECTIVO 9: (1)	Participar nun PFPP para formación en aula virtual, Edixgal, ferramentas corporativas, ferramentas dixitais e software libre					Acadado	
Responsable:	EQUIPO DIRECTIVO/ DE DINAMIZACIÓN TIC					Acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	Porcentaxe de participación no plan de formación.						
Valor de partida: (3)	10% do profesorado participa						
Valor previsto e data: (4)	70% do claustro participa no plan de formación deseñado			Xuño 2024			

ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO 9.1: Elaboración dun cuestionario para detectar as necesidades do profesorado en ferramentas dixitais.	Equipo directivo Coordinador Tic	Setembro 2023	Coordinador TIC Cuestionario de Moodle	100% profesorado responde ao cuestionario	Realizada	
					Aprazada	
AO 9.2: Determinación das ferramentas dixitais nas que se formar e solicitude de formación.	Coordinador Plan de formación do profesorado	1º trimestre	Acta reunión Ferramentas dixitais	Poder formar o como mínimo o 70% do profesorado	Realizada	
AO 9.3. Formación do profesorado a través dun PFPP sobre o uso de AV, Edixgal, ferramentas dixitais acordadas e ferramentas corporativas como Abalar e Aqueiro.	Coordinador Plan de formación do profesorado	Cursos 2022'3-2024	Ordenadores	Poder formar o como mínimo o 70% do profesorado	Realizada	
			Actas da formación			Pendente

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

- Actualización de equipos informáticos así como de encerados dixitais e proxectores nas aulas que o precisen debido á antigüidade dos mesmos, ao seu baixo rendemento ou á incompatibilidade dalgunhas ferramentas dixitais co hardware dispoñible e de maior antigüidade.
- Adquirir e instalar canóns proxectores e pdi nas aulas de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe e Atención Preferente.
- Ampliar o número de equipos dixitais na sala de profesorado para facilitar a exploración de recursos dixitais do profesorado.
- Ampliar o número de equipos dixitais na biblioteca para a busca e consulta de información.
- Ampliar o número de equipos dixitais no espazo TIC da biblioteca e/ou reorganizar a distribución espacial dos mesmos de maneira que se poida utilizar pola totalidade de alumnado dun aula, xa sexa individualmente ou en parellas.
- Dotar ás aulas de 3º e 4º co equipamento básico para facilitar o ensino-aprendizaxe dixital: wifi, ethernet, dispositivo móbil (portátil ou tablet) para cada dous alumnos como mínimo, micrófono e cámara web.
- Mellorar a conexión coa red wifi de maneira que todo o profesorado poda conectarse cos seus propios dispositivos.
- Insonorizar o estudo da Radio Escolar.

4. Avaliación do plan

Este Plan Dixital é un documento vivo que debe ser revisado e avaliado de forma continua. Se queremos acadar unha boa competencia na integración das tecnoloxías dixitais debemos definir unhas estratexias e ferramentas de avaliación que sexan fáciles de aplicar.

Nas táboas anteriores establecemos o seguimento das accións a realizar para conseguir os obxectivos propostos.

Avaliación do proceso:

Ese seguimento deberá ser realizado a principio de curso, podendo ser adaptado á realidade da situación atendendo á actualidade do momento e aplicadas ao final do mesmo para avaliar os obxectivos acadados e propiciar o necesario “feedback” que nos permita adaptar o Plan ás necesidades e posibilidades do centro.

Ademais, realizaranse seguimentos cando menos unha vez ao trimestre. Este seguimento valorará unha análise das accións realizadas e a valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e propostas de mellora.

Avaliación final:

Realizarase ao rematar cada curso escolar e valorarase a consecución dos obxectivos propostos así como as propostas de mellora para o seguinte curso.

5. Difusión do plan

Os canais de difusión deste Plan e do seguimento do mesmo serán os seguintes:

- Aula virtual do centro: no curso Plan Dixital Ruxidoiro compartirase toda a información relativa ao Plan dixital. Neste curso participará todo o profesorado do curso 2023-2024.
- Páxina WEB de centro: publicarase o Plan Dixital para a consulta de toda a comunidade educativa.

Este Plan Dixital será levado ás reunións de Claustro e Consello Escolar para a súa aprobación.